



## **MEMORIA ECONÓMICA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA DA XUNTA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN “COORDINADORA PARA O ESTUDO DOS MAMÍFEROS MARIÑOS-CEMMA”, PARA A ASISTENCIA, RECUPERACIÓN E ESTUDO DOS RÉPTILES (TARTARUGAS) E MAMÍFEROS MARIÑOS VARADOS NO LITORAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA**

A Resolución do 8 de abril de 1991, pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, establece que cada convenio irá acompañado dunha memoria económica en cumprimento do cal redáctase a presente.

Esta consellería é o órgano da Administración Autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de medio ambiente e conservación da natureza, de conformidade co establecido no Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica desta consellería.

No mencionado ámbito competencial constitúe un dos obxectivos a adopción de medidas necesarias para garantir a conservación, protección e recuperación das especies de flora e fauna silvestres que viven en Galicia.

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar coa Asociación CEMMA o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 15 de decembro 2021.

O convenio ten por obxecto establecer as condicións para acordar a colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e a Asociación “CEMMA” para a asistencia veterinaria e recuperación dos réptiles, en especial das tartarugas mariñas, e mamíferos mariños varados no litoral de Galicia, así como para a recompilación de mostras e estudo das causas de morte destes animais.

### **VALORACIÓN ECONÓMICA**

Este convenio tramítase conforme ao establecido na Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, modificada polas ordes do 27 de novembro do 2000 e do 25 de outubro de 2001, relativa á tramitación anticipada de expedientes de gasto, polo que queda condicionada a súa eficacia a que exista crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021.





De acordo co que establece a Instrución nº 5 do 22 de outubro de 2020 da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma relativa á tramitación anticipada de expedientes de gasto durante o exercicio 2020, o documento contable de tramitación anticipada substituírase por un informe a emitir polo órgano xestor no que se faga constar que normalmente vai existir crédito axeitado e suficiente para o gasto da factura. Neste informe consignarase o crédito inicial do vixente exercicio 2020, que deberá minorarse polo compromisos existentes con cargo ao exercicio 2021 coñecidos á data de emisión do informe.

A consellería achegará á finalidade deste convenio a cantidade de corenta mil euros (40.000 €), con cargo á seguinte aplicación orzamentaria 08.03.541B.481.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021.

De acordo co previsto no artigo 28 da Lei de Subvencións de Galicia, unha vez rematadas as actuacións deberá xustificar perante a consellería o cumprimento das condicións da execución e a consecución dos obxectivos previstos. Só se considerarán gastos subvencionables aqueles que, de feito indubidable, respondan á natureza das actividades subvencionables e se realicen durante o período de vixencia do presente convenio. Os pagamentos e as xustificacións dos gastos axustaranse ao disposto no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

De acordo co establecido nos artigos 62 e 65.4f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, efectuaranse os pagamentos do seguinte xeito:

- Pagamento parcial dos gastos realizados pola Asociación “CEMMA”, sendo preciso que antes do 16 de xullo 2021, a Asociación achegue os correspondentes xustificantes de gastos e de pagamentos xunto cunha memoria explicativa do custo das actividades realizadas.

No pagamento parcial incluíranse os gastos realizados desde o 16 de decembro de 2020. O 15 de decembro de 2020 remata a vixencia do convenio asinado no ano 2020 coa Asociación CEMMA e que está vixente.

- Pagamento final unha vez xustificadas os gastos comprensivos do resto do importe do convenio para o ano 2021. Para estes efectos, antes do 15 de decembro do ano 2021, a Asociación achegará os correspondentes xustificantes de gastos e de pagamentos xunto cunha memoria explicativa do custo das actividades realizadas a partir do 16 de xullo do ano 2021.

A achega económica asumida pola Consellería cubrirá os seguintes fitos e custo económico para os traballos a realizar:

- 1.- Gastos derivados da recollida de información e/ou elaboración de informes: Rexistro e elaboración fichas varamento, elaboración historias clínicas, elaboración informes de necropsia, gastos de persoal





e de desprazamento e traslados tanto do persoal veterinario e rehabilitador como dos animais para a súa reintrodución ao medio natural ou entre centros de rehabilitación/hospitalización:

A contía máxima por este concepto será de: 24.200 €

2.-Gastos derivados da asistencia e tratamento dos animais varados: gastos de medicación veterinaria e doutros produtos necesarios para a atención do animal varado, gastos de alimentación subministrada aos animais asistidos, probas diagnósticas, gastos derivados do funcionamento e mantemento das instalacións que sexan necesarios para a asistencia e tratamento aos animais, gastos da realización exames post-mortem dos animais falecidos e toma das mostras necesarias

O importe máximo destinado a esta actividade será de: 15.800 €

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

A directora xeral de Patrimonio Natural

Belén M<sup>a</sup> do Campo Piñeiro

